- Establecer no horario de cada titora unha sesión semanal destinada o idioma galego para observar e comprobar se así conseguimos un uso maior do mesmo entre os nenos/as. Dita sesión está orientada a falar, cantar e xogar en galego coas actividades que vaian xurdindo ao longo do curso.

### 23.4. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

\* Este ano por mor da pandemia do COVID-19 non se farán celebracións conxuntas de ciclo, pero o equipo seguirá a traballar para que se desenroren as conmemoracións fixadas no calendario , en cada nivel e en cada clase dentro do grupo burbulla.

\* O blogue do equipo será o nexo de comunicación co ciclo para visualizar todas aquelas actividades que se leven a cabo nas clases e intercambiar opinións de ideas entre os niveis e seguir así fomentando o uso do idioma galego aínda que sexa de forma telemática.

<b>Obxectivo:</b> Coñecer nanas galegas fomentando a través das cantigas o uso da lingua galega Adquirir vocabulario en galego dos termos do nadal.			
<b>Acción 1</b>	Lembramos e cantamos as nanas de cando eramos bebés ( colaborando co equipo de biblioteca no desenrolo do proxecto de ciclo deste curso, que leva por título: “ Así son eu “ ).		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Aprendemos nanas galegas.		
<b>Responsables</b>	Equipo de dinamización		
<b>Recursos e materiais</b>	Achegas das familias con imaxes, audios e vídeos das nanas que coñecen. Contos e libros que publiquen diferentes nanas en galego. Páxinas web e blogs que aporten información complementaria das nanas familiares.		

<b>Acción 2</b>	Nadal en galego		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Cantar as panxoliñas galegas e ampliar vocabulario.		
<b>Responsables</b>	Equipo de dinamización		
<b>Recursos e materiais</b>	Procura de panxoliñas e xogos de coñecemento de vocabulario galego de nadal.		

**Obxectivo:** Fomentar o emprego do galego co uso das novas tecnoloxía e mantemento dos blogues do centro.

<b>Acción 3</b>	Celebración Día da Paz .		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Participar no xogo para descubrir o valor da paz.		
<b>Responsables</b>	Equipo de dinamización		
<b>Recursos e materiais</b>	Publicación no blogue de dinamización dun xogo motivador para celebrar este día nas aulas.		

<b>Acción 4</b>	Celebración Día da Poesía.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Interiorización de poemas galegos.		
<b>Responsables</b>	Equipo de dinamización		
<b>Recursos e materiais</b>	Selección dunha poesía diferente para cada nivel para ser traballada nas aulas, facendo unha posta en común a través do blogue de dinamización, xa que non pode ser de forma presencial por mor da pandemia.		

**Obxectivo:** Adoitar ao alumnado a escoitar palabras en galego, ampliando vocabulario .

<b>Acción 5</b>	“ As nosas familias : quen son? “ ( colaborando co equipo de biblioteca neste trimestre no proxecto de centro )		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>

<b>Indicador</b>	
<b>Responsables</b>	Equipo de dinamización
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos procedentes do entorno familiar coma fotografías, arquivos de audio e video. Murais, contos e imaxes.

<b>Acción 6</b>	Semana das Letras Galegas : Coñecer o autor homenaxeado e expoñer un mural sobre a súa obra a través da páxina de dinamización. Concurso de cantigas populares : onde cada aula cantará e bailara unha cantiga seleccionada previamente.
-----------------	--

	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Mural e aprendizaxe de diversas cantigas populares.		
<b>Responsables</b>	Equipo de dinamización		
<b>Recursos e materiais</b>	Páxinas web e blogues que nos aporten información sobre o autor homenaxeado. Blogue de dinamización onde visualizaremos o concurso.		
<b>Acción 7</b>	Seguindo co proxecto de ciclo “ Así son eu “, traballaremos neste trimestre “ a amizade “ como seguinte núcleo social dos nenos, e sempre dende a colaboración co equipo de biblioteca.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Murais e proxectos de aula sobre a importancia dos amigos.		
<b>Responsables</b>	Equipo de dinamización		
<b>Recursos e materiais</b>	Contos e tarxetas gráficas, imaxes e fotografías. Información en páxinas web e blogues.		

## 24. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

### 24.1. CONSTITUCIÓN DO DO

Nome Xefe/a	
Montserrat Dios Abilleira	
Nome membros	Nivel/Especialidade
Sara García Do Campo	AL
Lorena Seijo Pardo (coordinadora ciclo)	Titor/a
	Seleccione
	Seleccione

### 24.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

Na EEI Fina Casalderrey impártese a etapa de Educación Infantil, exclusivamente, o que lle confire un carácter propio que vai facer da prevención e detección temperá unha das liñas prioritarias do seu enfoque educativo.

A EEI Fina Casalderrey conta con 6 unidades de Educación Infantil en funcionamento, distribuídas do seguinte xeito:

- Dous grupos de 4º EI ( tres anos),
- Dous grupos de 5ºEI (catro anos) e
- Dous grupos de 6ºEI ( cinco anos).

Ocupa o edificio do antigo CEP MONTEPORREIRO que foi acondicionado para transformarse nunha escola de Educación Infantil.

A miúdo na etapa de Educación Infantil, o alumnado inda non ten un diagnóstico definitivo, habitualmente están en proceso de valoración. É unha etapa decisiva para a detección de necesidades e intervención temperá.

No curso actual están escolarizados dous alumnos e unha alumna con nee e discapacidade recoñecida:

- En 4º de Educación Infantil un alumno cun grao de discapacidade do 36%, diagnosticado dunha cromosomopatía con deleción en 4q25q28.3 que presenta retraso no desenvolvemento(deambulación, linguaxe) que non fala e non controla esfínteres.
- En 5º de Educación Infantil unha alumna cun grao de discapacidade do 39%, diagnosticada dunha artrogriposis congénita con luxación de cadeiras e subluxacións de rotula. Tamén un astrágalo dereito vertical e luxación posterior de cabeza de radio bilateral e síndrome Wieacker-Wolff, que non fala e non controla esfínteres.
- En 5º de Educación Infantil un alumno cun grao de discapacidade do 69%, diagnosticado de parálise cerebral infantil (PCI) con tetraparesia mixta espasticodistónica con afectación das extremidades superiores e inferiores, microcefalia, non fala e non controla esfínteres.

Para os cales elaboramos un Plan Personalizado de Intervención.

### **24.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO**

#### **Medidas de atención á diversidade:**

Enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas

do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e que están recollidas neste documento.

- **Medidas ordinarias:**

Considéranse **medidas ordinarias** de atención a diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do curriculum ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado, sen alteración dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación:

- ✓ **Adecuación da estrutura organizativa do centro** (horarios, agrupamentos, espacios) e da **organización e xestión da aula** ás características do alumnado e seguindo o plan de adaptación a situación Covid do noso centro.
- ✓ **Adecuación das programacións didácticas** á realidade da nosa contorna e alumnado.
- ✓ **Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos, patios dinámicos e outras medidas que promovan a inclusión**, tendo en conta o plan de adaptación a situación Covid do noso centro.
- ✓ **Profesorado especialista con dispoñibilidade horária**, O profesorado de Educación Física e Lingua Estranxeira poderán levar a cabo tarefas de apoio e atención á diversidade en función das dispoñibilidade horaria e as necesidades presentadas nos distintos grupos

- **Medidas extraordinarias:**

Son **medidas extraordinarias** de atención a diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.



- Apoio da profesora especialista en Audición e Linguaxe.

Desenvolverá un programa de estimulación de linguaxe oral (TEO) e prevención de dificultades na fala con todo o alumnado. Así como as intervencións necesarias, en pequeno grupo da mesma clase (seguindo o plan de adaptación a situación Covid do noso centro), previa valoración no Departamento de Orientación. Estas medidas serán revisables ao longo do curso.

#### 24.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
Setembro	Constitución do Departamento	XD Orientación	
	Período de Adaptación do alumnado de 4º de E.I.	Titoras	Entrevistas iniciais coas familias
	Valoración das necesidades iniciais	Departamento de Orientación	Informes obtidos nas reunións
	Becas para acneae do Mec	XD Orientación	Datos do acneae que cumpran os requisitos da Resolución do 31/07/2020.
	Elaboración de horarios do departamento	Dirección XD orientación	Recursos do departamento
Outubro	Realización da concreción anual do PAD	XD Orientación	XD Orientación
	Realización da concreción anual do PAT	XD Orientación Titores	Datos do alumnado
	Aplicación do BADYG EI ao alumnado de 6º EI	XD Orientación	Recursos do departamento
	Avaliacións iniciais	Dirección Titores (dirixen as reunións) profesorado especialista XD orientación (asesora e apoia)	Recursos do departamento

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
	Reunións de coordinación pedagóxica	Dirección (planifica e coordina) XD orientación (asesora e apoia) Titores (dirixen as reunións)	Datos do alumnado
Novembro	Elaboración dos Plans de Apoio	XD Orientación e profesores afectados	Recursos do departamento
	Cubrir o DRadi	XD Orientación	Datos do acneae
Decembro	Participación nas sesións da 1ª avaliación	XD Orientación e profesorado especialista: AL	Informes obtidos na avaliación inicial
Xaneiro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha	XD Orientación	Informes obtidos na 1ª inicial
Febreiro	Aplicación de probas de detección de agudeza visual	AL e XD Orientación	Recursos do departamento
Marzo	Participación nas sesións da 2ª avaliación.	XD Orientación e profesorado especialista: AL	Informes obtidos ao longo do trimestre
Abril	Valoración de ANEAE que solicita praza por esa quenda.	XD Orientación	Informes do alumnado
Maio	Reunión co CEP adscrito para información do ANEAE que pasa a Educación Primaria.	XD Orientación da EEI e do CEP adscrito.	Informes do alumnado
	Visita ao CEP adscrito de alumnado en transición á E. Primaria	XD orientación Titores de 6º EI	Informes do alumnado
	Aplicación do BADYG EI ao alumnado de 6º EI	XD Orientación	Recursos do departamento
Xuño	Participación nas sesións da avaliación final	XD Orientación e profesorado especialista: AL	Informes obtidos ao longo do curso
	Elaboración da memoria do departamento	XD Orientación	Información recollida ao longo do curso

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
	Cubrir o DRDorienta	XD Orientación	Datos do acneae
	Elaboración da Previsión do acneae para o curso 2021-2022	XD Orientación	Informes do alumnado
Anual	Atender ás demandas das familias e asesoramento	XD Orientación	Recursos do departamento
	Atender ás demandas do profesorado e do alumnado	Calquera membro do departamento segundo demandas	Recursos do departamento
	Asesoramento e apoio na CCP aos diferentes departamentos na programación e desenvolvemento de tarefas	XD Orientación e AL	Recursos do departamento
	Colaborar na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos plans e programas levados a cabo no centro	XD orientación en colaboración cos outros membros da comunidade educativa implicados	Recursos do departamento

## 24.5. PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE

O horario da mestra de audición e linguaxe que imparte apoio ao alumnado con NEAE xúntase como documento independente, a fin de protexer a información sensible, acordo coa normativa en materia de protección de datos.

## 24.6. HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR E PT/AL

En base ao horario non lectivo do profesorado, o 1º e 3º martes pola tarde de cada mes (xa que a orientadora é compartida con outra Escola de Educación Infantil), nas franxas entre as 17:00 e as 19:00 empregaranse para realizar as labores de coordinación (reunións) entre a mestra especialista de AL e as titoras, así como co resto do equipo docente.

## 24.7. LISTAXE DE ALUMNADO CON NEAE ATENDIDO POR PT, AL, ATE.

Envíase como documento independente, a fin de evitar a súa difusión nos órganos de goberno polo tema da protección de datos.

### \* ANEXOS:

ENVÍASE COMO DOCUMENTO INDEPENDENTE A FIN DE EVITAR A SÚA DIFUSIÓN NOS ÓRGANOS DE GOBERNO POR MOR DA PROTECCIÓN DE DATOS, A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- *Horario da mestra de AL encargada da atención educativa dos ACNEAE.*
- *Listaxe de alumnado con NEAE, atendidos por AL e A.T.E.*

## 25. PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
Montserrat De Dios (orientadora)	Seleccione
Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
Lorena Seijo Pardo	Titor/a
Mar Blanco Crespo (directora)	Seleccione
	Seleccione
	Seleccione

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

O Plan de Convivencia é un documento que recolle as intencionalidades educativas para o desenvolvemento da convivencia positiva no Centro escolar.

Ao tratarse o noso dun centro de Educación infantil poderíamos falar de conflitos moi puntuais e de escasa repercusión. Nunca se tivo que actuar na modificación de condutas que prexudicaran a convivencia. Nas actas de Claustro, Consello Escolar e avaliación non se reflicte ningún incidente no ámbito da convivencia. Analizados os indicadores de convivencia os resultados son positivos tanto na convivencia entre o profesorado e alumnado.

É no plano familiar onde nos podemos atopar algún conflito por non querer acatar as normas que rixen o centro escolar, polo que é neste sector no que temos que prestar máis atención.

Convivir na escola é compartir e organizar tarefas e espazos co profesorado, alumnado e familias, suxeitos todos a unha serie de normas acordadas para contribuír ao

ben común, resolvendo ademais as discrepancias e conflitos que poidan xurdir, a través do diálogo. Convivir é algo máis que coexistir ou tolerar. A escola é o mesmo tempo comunidade de convivencia e aprendizaxe de convivencia. Somos e debemos aprender a convivir.

Como comunidade de convivencia, trataremos de fomentar unha cultura de paz, na que participen tódolos membros e poidan desenvolverse nun clima positivo de confianza. Para conseguir este obxectivo fomentaremos os valores democráticos, a solidariedade a tolerancia, o respecto mutuo, o compromiso, os dereitos humanos.

Tentaremos fortalecer a conciliación e a mediación para a resolución pacífica dos conflitos, rexistrandoos co fín de ter unha visión real da convivencia no centro. Tamén a través do traballo nas titorías incorporárase ao PAT actividades para analizar e mellorar o clima na aula e por extensión no centro.

Somos conscientes de que a escola é un reflexo dos valores sociais, familiares e culturais que os nenos e as nenas perciben no seu entorno e nas súas vivencias. Na tarefa da educación a escola non pode actuar soa porque educar é unha tarefa tan ampla e complexa que un sector só non ten as respostas e menos as solucións. Por iso, a escola, a familia e outras institucións deben coordinarse, implicarse, entenderse e ser coherentes nas súas competencias para conseguir unha educación de calidade que prepare para a vida de cada un e para a realidade multicultural e multiétnica na que lle tocará vivir e desenvolverse ao alumnado.

Ante isto a escola ten o papel de marcarse uns obxectivos de prevención e unhas estratexias de intervención que segundo o noso contexto serán os que a continuación desenvolveremos e nos que se fai preciso, en primeiro lugar, ter en conta os seguintes criterios:

- Priorizar accións con amplo consenso. Á maior influencia, maiores resultados e sensibilización.
- Accións realistas, viables, facilmente aplicables e avaliábeis.
- Accións concretas e sinxelas.
- Garantir a consolidación dos avances acadados.

E despois desto faise preciso, como dicía anteriormente, marcar obxectivos de prevención e estratexias de intervención que serán as que propoñemos a continuación distribuídos para os diferentes sectores: alumnado, familiares, profesorado e Centro escolar para todo o curso escolar:

En relación co alumnado	En relación coas familias
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Establecer relacións positivas entre os membros do grupo.</li> <li>• Axudar a cada alumno ou alumna a sentirse aceptado e integrado.</li> <li>• Estimular a participación activa e mellorar a dinámica da aula.</li> <li>• Impulsar o desenvolvemento persoal e social do alumnado.</li> <li>• Favorecer a comunicación.</li> <li>• Fomentar a educación en valores e normas.</li> <li>• Propiciar a adopción de valores grupais (diálogo, respecto, colaboración,..)</li> <li>• Facilitar a integración do alumnado no seu grupo-clase e na escola, procurando unha actuación responsable, tanto na marcha do grupo como na participación activa nas actividades organizadas na escola.</li> <li>• Favorecer a convivencia nos diferentes espazos do centro (aula, recreos, corredores...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Potenciar o intercambio de información.</li> <li>• Acadar un clima de relación e confianza mutua.</li> <li>• Coidar as relacións entre o profesorado e familias a fin de ser un modelo de referencia para as relacións entre o alumnado.</li> <li>• Fomentar e facilitar a participación e cooperación coas familias no mantemento da convivencia.</li> <li>• Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.</li> <li>• Concienciar e sensibilizar da importancia da convivencia escolar.</li> </ul>

En relación co profesorado	En relación co centro
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Concibir a formación como un proceso permanente ao longo de toda a vida.</li> <li>• Proporcionar aos nenos e ás nenas unha educación que abarque coñecementos e competencias básicas necesarios na sociedade actual.</li> <li>• Garantir unha educación de calidade para todo o alumnado.</li> <li>• Potenciar a transmisión de valores que favorezan, entre outros aspectos, a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, o respecto e a tolerancia.</li> <li>• Favorecer o pleno desenvolvemento das capacidades afectivas e a personalidade dos alumnos e das alumnas.</li> <li>• Promover a prevención dos conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.</li> <li>• Contemplar a diversidade dos alumnos e das alumnas como elemento enriquecedor da práctica educativa e concibir a resposta educativa á mesma a partir do principio de inclusión.</li> <li>• Fomentar as relacións persoais e de convivencia baseadas no respecto mutuo.</li> <li>• Valorar na xusta medida as aportacións do entorno sociocultural.</li> <li>• Conseguir recursos creativos que faciliten a aprendizaxe do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar a participación de toda a comunidade educativa na vida da escola e o esforzo compartido do alumnado, familia, profesorado e sociedade no seu conxunto.</li> <li>• Fomentar a acción titorial para desenvolver a convivencia. A través da acción titorial, o profesorado pode achegar información ao profesorado e as familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais, de formas de recoñecerse a si mesmos coas súas emocións e comportamentos así como expresar as súas opinións, tal e como se recolle no PAT (Plan de Acción Titorial) existente na escola.</li> </ul>

## 26. PLAN DE IGUALDADE. CONCRECIÓN ANUAL

O enfoque metodolóxico do Plan de Igualdade será globalizado, traballando en todo momento pola igualdade e o rexeitamento contra a discriminación por cuestións de sexos. Ademais imos traballar este valor procurando o desenvolvemento das competencias clave que pretendemos conseguir co noso alumnado, facendo que este plan “salpique” toda a nosa programación.

### 5.1 Organización do centro:

Planificaranse unha serie de accións mais ou menos a longo prazo e outras que serán puntuais e que irán encamiñadas á consecución dos obxectivos deseñados para todo o centro ou para o traballo dentro das aulas.

O planeamento deste programa parte dunha intervención a tres niveis: curso, centro, familia.

No *curso* proporanse actividades adaptadas ao nivel psicoevolutivo do grupo de nenos e nenas ás que se dirixen, para que poidan desenvolver os contidos relacionados coa igualdade entre homes e mulleres, do xeito máis significativa posible.

Para o *colexio* proporanse actividades que impliquen a participación de todo o alumnado de xeito igualitario e non discriminatorio. Pretenderemos unha actuación global do centro con actuacións xeneralizadas para toda a comunidade educativa, nas que se englobarán as realizadas entorno a conmemoracións emblemáticas.

En canto ao persoal docente se lles entregará en diferentes momentos do seu proceso de ensino-aprendizaxe liñas metodolóxicas que favorezan a igualdade entre todos os alumnos e alumnas.

A nivel de *familias* daránselle a coñecer as actividades que teñen lugar no colexio en relación coa coeducación. Os cauces de comunicación serán o blog do colexio, a información no Consello Escolar e mediante a aplicación móbil do colexio para que exista unha difusión constante entre os pais e nais do noso alumnado.

### 5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

Como medidas de actuación tipo para eliminar os estereotipos de xénero, empregaremos as seguintes:

- Revisaranse as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero
- Revisaremos o material didáctico empregado na aula (valores, normas, contidos, imaxes, linguaxe, etc).
- Realizar actividades de sensibilización na aula
- Realizar actividades de sensibilización cos familias

- Analizar nas titorías a coeducación co fin de concienciar as familias que o sexismo transmitimolo aos noso fillo e fillas a través da nosa conduta e linguaxe.
- Coidar de non usar frases que reproduzan estereotipos sexistas (“los niños no lloran”, por exemplo)

### *5.3 Xestión dos espazos e dos recursos:*

O proceso de socialización diferenciado ao que se ven sometidos nenas e nenos provocan polo xeral que eles sexan máis activos, inquedados, demanden mais atención, ocupen os espazos centrais e despreguen unha maior actividade física, namentres que elas son mais obedientes, tranquilas, pasivas, ocupan os recantos e chaman menos a atención.

- Debemos coidar o reparto equitativo de tempos e espazos tanto nas horas de clase coma nos recreos.
- Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Regular, mediante acordos, o uso das zonas de traballo e ocio respectando os intereses das alumnas e alumnos .
- Repartir o tempo dedicado a ordenar, limpar, coidar os materiais, decorar, recoller, ... de forma equitativa entre nenos e nenas.
- Coidar que non se reproduzan nos xogos os estereotipos sociais combinando actividades que requiran forza e competitividade con outras que requiran coordinación, flexibilidade e ritmo.
- Revisar os contidos audiovisuais das diferentes actividades do centro.
- Procurar na biblioteca escolar fondos que promovan as lecturas coeducativas.
- Difundir informacións a través do taboleiro de centro, o blogue, etc.
- Etc.

### *5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:*

A coeducación se conforma como un modo de traballar o currículo, non é unha área aislada ou engadida, senón un elemento esencial que debe estar presente en todo momento.

Na etapa na que nos atopamos debemos priorizar o ensino do bo uso do xogo e os xoguetes, o establecemento de relacións baseadas no respecto e a igualdade. Tamén se empregarán contos, vídeos, fichas, actividades significativas, etc.

Tamén debemos xeneralizar o uso do linguaxe non sexista, informando e orientando ás familias do alumnado e resto da comunidade educativa.

En resumo, traballaremos actividades prácticas, colaborativas, lúdicas, activas e participativas, onde a aprendizaxe que os nenos e nenas adquiran sexa significativo.



Traballaremos partindo das propias experiencias do alumnado, do entorno máis inmediato que lles rodea, o fogar. Para elo favoreceremos a comunicación escola-familia e realizaremos actividades que se baseen na experiencia familiar, na convivencia que elo supón; para así podelo trasladar á vida en sociedade.

As mestras e mestres, ademais de coordinarse entre para intercalar impresións, suxestións e propostas, terán que impulsar e motivar ao alumnado, manter un clima de harmonía e boas relacións, establecer criterios definidos de comportamentos, etc. Tampouco poden esquecer que a coordinación coas familias é primordial para que estas participen na nosa tarefa educativa.

## 27. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Plan/Proxecto: PLAMBE			
<b>Descrición do programa</b>	Plan que pretende converter a biblioteca nun lugar dinamizador da actividade curricular a través do desenvolvemento do PDI anual e nun motor para o proxecto lector		
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Satisfacer as necesidades curriculares ofrecendo recursos e orientación ao profesorado</li> <li>Fomentar a lectura e o desenvolvemento do proxecto lector</li> <li>Ofrecer recursos, propostas e suxestións ás familias</li> <li>Desenvolver un Proxecto Documental Interdisciplinar para contribuír á práctica das competencias básicas</li> </ul>		
<b>Cursos implicados</b>	Todos		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	A biblioteca coordina e dinamiza a actividade do centro		
<b>Responsables</b>	Equipo de biblioteca coa colaboración de todo o profesorado nas accións propostas		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Hora do conto (diariamente)</li> <li>Libros ao sol (nos recreos do 3º trimestre)</li> <li>Desdobres de animación á lectura (semanalmente)</li> <li>Elaborar itinerarios lectores que inclúan tanto libros informativos para o desenvolvemento do PDI como fondos literarios de calidade</li> <li>Colaborar con outros equipos docentes</li> <li>Elaborar producións propias a partires do traballado no PDI e</li> <li>Empregar todos os medios tecnolóxicos e dixitais ao noso alcance para ofrecer ás familias propostas, suxestións e recursos, así como para publicitar o traballo realizado</li> </ul>		

Plan/Proxecto: PFPP “Aplicación didáctica das plataformas dixitais”			
<b>Descrición do programa</b>	Todo o claustro participará ao longo do curso nun PFPP que pretende mellorar as nosas competencias en plataformas dixitais e a súa aplicación didáctica á docencia telemática		
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Integrar os recursos TIC da escola e as súas posibilidades didácticas no traballo diario da escola</li> <li>• Fomentar e mellorar o uso das TIC na docencia telemática</li> <li>• Crear recursos TIC para mellorar a docencia dixital</li> </ul>		
<b>Cursos implicados</b>	Todos		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Aproveitamento dos recursos TIC do centro e interese en ampliar as posibilidades e a calidade da docencia telemática		
<b>Responsables</b>	Equipo TIC coa participación de todo o claustro		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación dunha asemblea para o EDI</li> <li>• Creación de recursos dixitais para o alumnado</li> <li>• Actualización da web e do blog do centro</li> <li>• Uso dos medios dixitais para a comunicación entre todos os membros da comunidade educativa.</li> </ul>		

## 28. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación do Plan Xeral Anual levarase a cabo de dúas formas:

- *Avaliación continua* durante o seu desenvolvemento, que permita ver os progresos e realizar as modificacións oportunas. Os instrumentos a utilizar serán as observacións e o diálogo nas reunións de nivel, de ciclo, de dinamización lingüística, da Comisión de Coordinación Pedagóxica, no claustro e no propio Consello Escolar.
- *Avaliación final*, ao remate do curso. Analizaranse os logros acadados e os aspectos que terán que modificarse no futuro. O Consello Escolar avaliará o grao de cumprimento desta, establecendo, se é o caso, as medidas correctoras oportunas, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que lle competen ao claustro.

Os instrumentos a utilizar serán cuestionarios, escalas de observación, enquisas, entrevistas, reunións entre os distintos participantes....

Os criterios de avaliación definímolos como:

- ✓ Grado de consecución dos obxectivos.
- ✓ Adecuación das actividades aos destinatarios.
- ✓ Adecuación e suficiencia dos recursos.
- ✓ Adecuación da temporalización.

- ✓ Implicación dos participantes: Asistencia, participación, colaboración.
- ✓ Grao de satisfacción dos implicados.

En resumo: o Plan Xeral Anual do Centro, garantirá o desenvolvemento coordinado da acción educativa e a resposta á diversidade do alumnado, así como o correcto exercicio das competencias dos distintos órganos de goberno e a participación de toda a comunidade educativa.

Será de obrigado cumprimento para todos os membros da comunidade educativa.

Outubro 2020